



ACTA Nº 2024/9

Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, xoves 7 de novembro de 2024

No día de hoxe, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

Grupo Mixto-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



A Alcaldesa xustifica a ausencia de D. Mario Andújar Mouzo por razóns laborais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

1. Ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, o 4 de novembro de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de outubro de 2024, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

1	Expediente - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2024/T002/000042 2024/SC/02
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:



PRIMEIRO. Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2024/SC/02, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con maiores ingresos recadados sobre os totais inicialmente previstos no orzamento corrente financiar os gastos seguintes:

- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 231 22799 para o abono das mensualidades dos meses de novembro e decembro a empresa Ao Mayores pola prestación do servizo de axuda no fogar. Importe 40.000,00 €
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 1532 22699 “Pavimentación de vías públicas Outros gastos diversos” co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 19.362,37 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 341 22699 “Promoción e fomento do deporte Outros gastos diversos” co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 50.000,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 430 22699 “Administración xeral de comercio e turismo Outros gastos diversos” co fin de facer fronte a gastos correntes derivados de actuacións realizadas por este Concello. Importe: 20.000,00 euros.
- Dotar de crédito á aplicación orzamentaria 920 22699 “Administración xeral Outros gastos diversos” para facer fronte a gastos derivados do normal funcionamento da administración deste Concello. Importe: 60.000,00 euros

ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE GASTOS	IMPORTE
231 22799	Asistencia social primaria Outros traballos realizados por empresas	40.000,00 €
1532 22699	Pavimentación de vías públicas Outros gastos diversos	19.362,37 €
341 22699	Promoción e fomento do deporte Outros gastos diversos	50.000,00 €
430 22699	Administración xeral de comercio e turismo Outros gastos diversos	20.000,00 €
920 22699	Administración xeral Outros gastos diversos	60.000,00 €
TOTAL GASTOS		189.362,37 €

ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	DESCRIPCIÓN	PREVISTO	RECAUDADO	DIFERENCIA
11400	I.B.I características especiais	301.000,00	411.825,63	110.825,63 €
32100	Servicios educativos	3.000,00	4.409,05	1.409,05 €
31300	Servicios deportivos	40.000,00	69.932,86	29.932,86 €
32100	Licencias urbanísticas	258.000,00	270.608,09	12.608,09 €



32900	Taxas lic. Aperturas e actividade	800,00	3.860,57	3.060,57 €
32901	Matrimonio civil	800,00	960,00	160,00 €
33902	Tasas. Escombros	1.000,00	1.991,08	991,08 €
34900	Outros prezos públicos	3.000,00	3.476,01	476,01
39200	Rec.p. execut. Sin requerimento	15.000,00	17.128,05	2.128,05 €
39300	Intereses de demora	2.000,00	2.497,55	497,55 €
39900	Outros ingresos diversos	17.000,00	44.273,48	27.273,48
TOTAL INGRESOS				189.362,37 €

SEGUNDO. Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

O Interventor e a Alcaldesa explican o reparto dos maiores ingresos recaudados sobre os previstos.

D. José Manuel Rodríguez Blanco comenta que non está suficientemente explicado a que se vai dedicar o suplemento e pide se aclare que parte vai a factura e que parte a imprevisto.

D. Benjamín Queiro Pérez corrobora o requirido polo voceiro do PP.

A Alcaldesa contesta que hai ingresos a maiores e teñen que vincularlos a áreas determinadas cun destino xenérico e que logo se concretará en actuacións singulares, é un tema de aplicacións orzamentarias e súa clasificación por capítulos e programática. Pon como exemplo que a Xunta de Galicia outorga subvención de 1.300 euros para animais callexeiros e logo o gasto total anual supera os 50.000 euros, polo que vai a esa área, ou ben en obras de gastos correntes faise moito, sen que se estea vinculado a un nome de proxecto en concreto, igual en turismo. Hai facturas que van xurdindo e se vincularán a estes créditos suplementados.

D. José Manuel Rodríguez Blanco reitera se é para pagar facturas pendentes.



D. Benjamín Queiro Pérez dí que non contestou ó que se lle preguntou.

A Alcaldesa-Presidenta confirma que se hai ingresos novos, e obriga do goberno repartilos en áreas xenéricas e ademáis así o recomenda o interventor municipal que por prazos e preciso facelo en extraordinario para telo aprobado antes de fin de ano.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos seus membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.”

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo ás 9:20 horas a alcaldesa-presidenta levanta a sesión, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

O secretario xeral
Francisco Javier Novoa Juiz